

## “Sensacion-all Compostela13, o teu comercio está de moda”

### **BASES DE PARTICIPACIÓN:**

#### **Dereitos:**

1. Poderá participar todo pequeno comercio de Santiago de Compostela que cubra e firme as bases do evento dentro da data límite de presentación. Terá preferencia de participación aqueles comercios que non sexan cadeas de tenda que operen baixo un mesmo nome comercial ou franquías. A inscrición realizarase mediante o envío das bases asinadas ao correo electrónico [comercio@santiagodecompostela.org](mailto:comercio@santiagodecompostela.org) ou ao Fax 981543193.
2. A inscrición poderá realizarse a partires das 12 horas do día 12 de xuño ata o 17 de xuño ás 15 horas. O comercio poderá solicitar toda a información que precise para valorar a súa participación no evento no seguinte contacto (e-mail: [comercio@santiagodecompostela.org](mailto:comercio@santiagodecompostela.org), Teléfono 680322350).
3. Criterios de selección. Poderán participar ata un máximo de 30 comercios con arranxo ás seguintes categorías:
  - Roupa téxtil muller: 8 comercios
  - Roupa téxtil home: 5 comercios
  - Zapaterías: 4 comercios
  - Complementos: 3 comercios
  - Xoiería: 3 comercios
  - Deportes: 2 comercios
  - Infantil: 3 comercios
  - Cerimonia muller: 1 comercio
  - Cerimonia home: 1 comercio

Cada comercio poderá optar a participar inscribíndose en varias categorías. Nese caso deberá indicar no boletín de inscrición a orde de prelación entre elas (1ª, 2ª, 3ª...) tendo en conta que a marcada como 1ª deberá corresponderse sempre coa actividade principal ou produto maioritario do establecemento. A participación a través das demais categorías solicitadas unicamente será posible se existen categorías vacantes. As prazas asignaranse en atención a:

- a. orde de inscrición. Terán preferencia de participación aquelas tendas que non sexan cadeas que operen baixo un mesmo nome comercial ou franquías.
- b. Equilibrio de representación das distintas zonas comerciais da cidade



## “Sensacion-all Compostela13, o teu comercio está de moda”

4. Todo comercio participante terá unha sesión de fotos, video-slideshow e un ágape no seu comercio, o que asistirán un fotógrafo profesional, un cámara, dous modelos profesionais, un coordinador - Supervisor do evento e unha azafata de servizo e promoción (para cubrir o servizo de ágape, e R.R.P.P. para a difusión no entorno inmediato do comercio).
5. Todo participante recibirá un DVD co material promocional personalizado do evento para a súa propia promoción en medios, redes sociais, o infografía propia. Este traballo consta dunha foto final da sesión das modelos no comercio, un video-slideshow promocional en calidade alta para anuncios en TV, e outro en calidade acorde para redes sociais, web.
6. O comercio terá un numero de entradas, fixadas pola organización, para o desfile do día 29 de xuño, sendo as mesmas para todos e cada un dos comercios participantes.
7. O comercio recibirá a cesión dos dereitos de imaxe que resulten do material promocional da cal se fai entrega. Look Book pack “Sensacion-all Compostela 2013, o teu comercio está de moda”.

### **Obrigas:**

1. Cederá un espazo suficiente para o correcto desenvolvemento das accións promocionais no seu local.
2. Deberá presentar as bases asinadas dentro da data límite.
3. Para a sesión de fotos no seu comercio, seleccionará as prendas ou estilismos (non necesariamente completos) que estimen oportunos para o desenvolvemento da sesión de fotos no seu local, cun **mínimo de 2 e un máximo de 5** (tendo en conta o tempo límite co que o equipo de produción conta no comercio que será aproximadamente dunha 1 hora por tenda).
4. Para o desfile final do 29 de xuño, seleccionará un **máximo de 4 estilismos completos** (na medida que cada comercio poida). Non se realizará ningunha proba ata o 29 de xuño, día no que dende as 10:00 da mañá o equipo de produción encargarse de dirixir ás modelos profesionais para o **fiting**. Con carácter previo a organización comunicará ao comercio as tallas, número de calzado e altura das modelos para facer unha preselección das prendas a lucir no evento. As prendas, complementos u obxectos que o comercio cederá para o desfile serán recollidos o sábado pola mañá no comercio, ou se recollerán no espazo habilitado para o desfile no edificio da Cidade da cultura.
5. Os comercios poderán recoller as prendas cedidas o mesmo día á finalización do evento, ou ben o luns 1 de xullo pola mañá a organización entregarallas no seu comercio.
6. A organización do evento farase cargo dos posibles danos que puidera ocasionar o evento, (manchas de maquillaxe nas prendas, fisuras ou roturas, etc.). O comercio está obrigado a notificar, se é que o houbera, calquera dano ou percaza nas prendas nos 5 días posteriores ao evento, en caso de non entrar neste marxe prudente de tempo a organización non se fará cargo de calquera dano ou percaza.

## “Sensación-all Compostela 13, o teu comercio está de moda”

7. Os estilismos de peiteado e maquillaxe das modelos será uniforme para tódolos e cada un dos comercios participantes. Sen facer así a diferenza entre ningún, a elección deste estilo a realizara o equipo de profesionais da organización.
  8. O comercio autorizara a pega do icono identificativo do evento (pegatina no escaparate de Comercio participante no “Sensación-all Compostela 2013,o teu comercio está de moda”).
  9. O comercio participante autoriza á difusión da cartelería e flyers no seu establecemento.
  10. O comercio firmara unha cesión de dereitos de imaxe para a entidade organizadora para o uso (ou non) de todo o material gráfico e audiovisual que resulte do evento.
  11. O comercio participante comprométese a participar e colaborar activamente no desenvolvemento de cada unha das accións de **“Sensación-all Compostela 13. O teu comercio está de moda”**. O contrario poderá ser motivo de exclusión.
  12. A participación no programa implica a aceptación íntegra das presentes bases e das decisións que adopte a organización na súa interpretación e naqueles aspectos non previstos.
-